

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE DECEMBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

D. Luís Rico Vereá

D. Elisardo Montero Castro

D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

Dna. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:36 horas do día 29 de decembro de 2016, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, Dna. María Jesús Novo Gómez Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión pola Sra. alcaldesa, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/10/2016, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións. Comunica Secretaria que detectado erro no punto 5.5. Modificacións no servizo de axuda no fogar no presente mes de outubro 2016 no punto CUARTO no posto nº 17 debe figurar: 17º.- Josefa Quintela Abad, 17 puntos, non 17º.-Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/10/2016 e a rectificación indicada nos considerandos deste acordo.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCIÓN DE ASIGNACIÓN DE TRANSFERENCIAS FINALISTAS CORRENTES DITADAS AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO

Pola secretaria dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, con rexistro de entrada neste concello co número 3043 en data 29/12/2016, dando traslado da resolución de asignación das transferencias finalistas correntes para os conceptos e polas contías que se relacionan a continuación:

Concepto	Nº de postos de traballo financiados	Renovación	Incremento/novo (N)	Total Asignado 2016 (R+N)	Remanente (RM)	Total asignado descontado remanente (R+N-RM)	Primeiro anticipo xa librado no 1º cuatrimestre (A)
Traballador/a social	1	16.815	0	16.815	0	16.815	7.506,50

TOTAL	16.815	0	16.815,	0	16.815	7.506,50
-------	--------	---	---------	---	--------	----------

Total asignado: 16.815,00 €

Líquido a percibir (2º anticipo): Total asignado descontado remanente - 1º anticipo xa librado no 1º cuatrimestre: **9.308,50 €**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE MODIFICACION AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS

Pola secretaria dáse conta da proposta de resolución enviada pola xefa da área de vertidos do Organismo Augas de Galicia, con rexistro de entrada neste concello co nº 2906 en data 15/12/2016, relativa á solicitude de modificación da autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas na cunca do río Tambre procedentes do sistema de depuración asentado no lugar de Boimil (t.m. Boimorto) Clave: DH.V15.18402 na que propón modificar integramente o condicionado da autorización emitida en data 23/09/2004 e se transcribe a nova redacción dos condicionantes, sendo un deles o envío dos resultados analíticos anualmente e ponse en coñecemento deste concello para que no prazo de DEZ DÍAS se manifeste a súa conformidade ou ben se presente as alegacións que se teña por convenientes. Doutro xeito, entenderanse aceptados os termos da presente proposta.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE SANCIONADOR POR VERTIDO NON AUTORIZADO

Pola secretaria dáse conta da proposta de resolución enviada da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de Aguas de Galicia, con rexistro de entrada neste concello co nº 2964 en data 21/12/2016, en relación co expediente sancionador incoado contra este Concello por vertido de augas residuais non autorizado por infiltración no terreo procedente das instalacións municipais de saneamento ubicadas en Casal de Munín, na que se propón declarar ao Concello de Boimorto da comisión dunha infracción leve tipificada no artigo 85 e) da Lei 9/2010 no t.m de Boimorto e impoñer unha sanción de 2.500 € e outórgase un prazo de quince días, para presentar ante Augas de Galicia cantas alegacións considere convenientes.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- ESCRITO DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO POLO QUE SE INCOA EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con rexistro de entrada neste concello co nº. 2901 en data 14/12/2016, no que resolve incoar expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras realizadas en solo rústico

consistentes na execución dunha edificación con tipoloxía de vivenda e dúas construcións auxiliares no lugar de Santarandel - Arceo (referencia catastral 15010A507201000000JK). Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PAGAMENTO FINAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS ACCESO EXPLOTACIÓN AGRARIAS”.

Pola secretaria dáse conta da notificación enviada polo director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con rexistro de entrada neste concello co nº. 2944 en data 19/12/2016, na que se resolve que se pague ao Concello de Boimorto o importe de 58.114,97 €uros en concepto de pagamento final da subvención concedida para o proxecto “Mellora camiños municipais acceso explotacións agrarias”.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- RESPOSTA AO ESCRITO ENVIADO Á SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA SOLICITANDO A VIABILIDADE DE TRAMITACIÓN EXPEDIENTE DECLARACIÓN RUÍNA DO INMOBLE DA ANTIGA CASA DE LEGOEIROS SITUADO NA AC-840

Pola secretaria dáse conta do escrito recibido da secretaría xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, con rexistro de entrada neste concello co nº. 2900 en data 14/12/2016, no mesmo dase contestación ao escrito enviado por este Concello,. no que se solicitaba informe de viabilidade para tramitación do expediente de declaración de ruína do inmovible da antiga caseta de legoeiros situado na AC-840, cedido no ano 2008. Indica a Secretaría Xeral que de non cumprirse a finalidade coa que se cedou o inmovible o mesmo reverterá a favor desa Administración en virtude do establecido na escritura pública formalizada o 17 de outubro de 2008.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN REDE CULTURAL ANO 2016

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, con rexistro de entrada neste concello co nº. 2988 en data 23/12/2016, no que se comunica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada das actuacións concedidas ao abeiro da convocatoria da Rede Cultural para o ano 2016, publicada no BOP núm. 14, do 22/01/2016 e se procederá a aboar a aportación provincial por importe de 3.681,00 €.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.8.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CONCESIÓN DUNHA PRÓRROGA DO PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DA OBRA RECUPERACIÓN DE ESPACIO PÚBLICO EN SANTARANDEL. PARROQUIA DE ARCEO.

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da sección de plans especiais da Deputación provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 2883 en data 12/12/2016, no que se comunica a resolución de concesión dunha prórroga do prazo para xustificación das obras “Recuperación de espazo público en Santarandel. Parroquia de Arceo”, cofinanciadas pola Deputación a través de Convenio de Colaboración, ampliándose o prazo de xustificación ata o 30 de xuño de 2017.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.9.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN CERTIFICACIÓN OBRA INCLUÍDA NO PAS 2015: PINTADO EXTERIOR E PECHER PATIO CEIP ARMANDO COTARELO VALLEDOR

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 2984 en data 23/12/2016, na que se notifica a resolución de aprobación da certificación número 1 derradeira da obra Pintado exterior e peche patio CEIP Armando Cotarelo Valledor incluída no Plan de acción social (PAS) - 2015 e o pago a este concello da cantidade que lle corresponde satisfacer á Deputación por importe de 29.894,34 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.10.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN CERTIFICACIÓN OBRA INCLUÍDA NO POS 2016: MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE SAN PEDRO DE BRATES E OUTRAS

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 2985 en data 23/12/2016, na que se notifica a resolución de aprobación da certificación número 1 derradeira da obra Mellora de camiños nas parroquias de San Pedro de Brates e outras incluída no Plan provincial de obras e servizos (POS) - 2016 e o pago a este concello da cantidade que lle corresponde satisfacer á Deputación por importe de 32.987,24 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.11.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN CERTIFICACIÓN OBRA INCLUÍDA NO POS 2016: MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE BOIMORTO, ARCEO E OUTRAS

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 2986 en data 23/12/2016, na que se notifica a resolución de aprobación da certificación número 1 derradeira da obra Mellora de camiños nas parroquias de Boimorto, Arceo e outras incluída no Plan provincial de obras e servizos (POS) - 2016 e o pago a este concello da cantidade que lle corresponde satisfacer á Deputación por importe de 32.462,06 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.12.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN POLA QUE SE APROBA O ABOAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS CULTURAIS DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 3017 en data 28/12/2016 na que se notifica a resolución de aprobación do pagamento do 40% do importe da subvención concedida para a realización de investimentos culturais durante o ano 2016 por importe de 839,54 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.13.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN POLA QUE SE APROBA O ABOAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DO

PROGRAMA DE SUBVENCIONS PARA A REALIZACION DE INVESTIMENTOS DEPORTIVOS DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 3033 en data 29/12/2016 na que se notifica a resolución de aprobación do pagamento do 40% do importe da subvención concedida para a realización de investimentos deportivos durante o ano 2016 por importe de 1.600,00 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.14.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN POLA QUE SE APROBA O ABOAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS PARA A REALIZACION DE INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONOMICA DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 2987 en data 23/12/2016 na que se notifica a resolución de aprobación do pagamento do 40% do importe da subvención concedida para a realización de investimentos de promoción económica durante o ano 2016 por importe de 2.393,83 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.15.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN POLA QUE SE DISPÓN A INCOACIÓN DO PROCEDIMENTO DE REINTEGRO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 2784 en data 01/12/2016 no que se notifica a resolución pola que se dispón a incoación do procedemento de reintegro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 209, de data 31/10/2014 correspondente ao exercicio 2015 para actividades medio ambiente, sendo o importe do principal a reintegrar de 1.000,00 €.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

2.1.16.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN POLA QUE SE DISPÓN O REINTEGRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 3011 en data 27/12/2016 no que se notifica a resolución pola que se dispón o reintegro da cantidade de 1.000 € non xustificada da subvención correspondente á convocatoria do programa de subvencions para a realización de actividades no ámbito do medio ambiente correspondente ao exercicio 2015.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.17.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN POLA QUE SE DISPÓN O REINTEGRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE POLÍTICAS DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2015.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 2785 en data 01/12/2016 no

que se notifica a resolución pola que se dispón o reintegro da cantidade de 1.548,80 € non xustificada da subvención correspondente á convocatoria do programa de subvencións para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2015 para execución do proxecto: Co-relacionandonos en igualdade. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.18.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN SOBRE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO POS + 2017 (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS).

Pola secretaria dáse conta da circular telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 2786 en data 01/12/2016, informando sobre a aprobación das bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS+ 2017”.

Este Plan consta de tres tipos de achega provincial (“achega provincial 2016”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2017”). As cantidades asignadas a este concello para cada un destes tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa.

Asignación POS+ 2017	Achega provincial 2017	Achega provincial 2016	Préstamo provincial 2017	TOTAL
	265.337,8	163.284,8	175.531,16	604.153,76

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.19.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN POLA QUE SE APROBA O ABOAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DEPORTIVOS DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 3033 en data 29/12/2016 na que se notifica a resolución de aprobación do pagamento do 40% do importe da subvención concedida para a realización de investimentos deportivos durante o ano 2016 por importe de 1.600,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.20.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DA 1ª FASE DO PMA-2016

Pola secretaria dáse conta do escrito telemático enviado polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 2787 en data 01/12/2016, no que comunica que polo Pleno da Deputación na sesión ordinaria que tivo lugar o 28.10.2016 aprobouse a 1ª fase do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016 no que estaría incluído este Concello coa obra “Mejora del vertido de la depuradora de San Pedro de Brates (Boimorto). Esta obra está suxeita ao cumprimento da condición suspensiva (autorización Augas de Galicia). Unha vez que se acredite telemáticamente ante a Deputación, ésta dictará unha resolución de levantamento da condición e o concello poderá proceder a súa contratación. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS PERMISOS

3.1.1.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 19-02-2016

Neste intre, auséntase da sala de reunións da Xunta de Goberno Local, o concelleiro D. José Balado Casal por ter relación con este asunto.

Vista a solicitude presentada por D. José Balado Casal con DNI nº 76514858E en calidade de presidente da asociación de cazadores “Do Barro” de Boimorto, e con domicilio en Lugar Queis - Azanca nº 24, Santa Cruz de Montaos, Ordes, na que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 19/02/2017 de 10.00 a 13.30 h da tarde para a celebración dunha reunión de cazadores.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar ao presidente da asociación de cazadores “Do Barro” de Boimorto, D. José Balado Casal, ó uso do salón de actos da casa de cultura para o día 19/02/2016 de 10.00 a 13.30 h da mañá.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer contra mesmo.

De seguido, incorpórase a Xunta de Goberno Local, o concelleiro D. José Balado Casal.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria interventora sobre a que non constancia nos expedientes de comunicación previa sobre a legalidade dos inmobles (construcións) sobre as que realizar obras solicitadas, legalidade por ter licenza ou ben darse o caso de declaración de fora de ordenación pasados os prazos fixados legalmente para a incoación e resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística vulnerada, o que leva a advertir que non poderían autorizarse obras novas sobre construcións ilegais que previamente deberían ser obxecto de expediente de reposición da legalidade urbanística sen prexuízo do inicio e resolución no seu caso de expediente sancionador urbanístico.

4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 29 de novembro de 2016 (RE núm. 2751) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Remedios Castro Novo
DNI:	76474502P
Domicilio:	Lg. Lobomorto núm. 1 - Arceo 15818 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material de cuberta da vivenda
Situación:	Lg. Lobomorto núm. 1 - Arceo - 15818 Boimorto
Referencia catastral:	15010A507004130001KT
Orzamento de execución:	2.900,00 €uros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid,

urbanística:	de data 7 de decembro de 2016
--------------	-------------------------------

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 4.100,00 €uros

Liquidación 2%: **82,00 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Remedios Castro Novo indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 29 de novembro de 2016 (RE núm. 2740) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Enrique Manuel Gómez Ferrer
DNI:	33466863T
Domicilio:	Avda de Habana, 37-1º 15800 Melide

Datos da obra:

Obxecto:	Nivelado de tellado e colación de tella na vivenda
Situación:	Lg. Boavista núm. 8 - Dorneá 15816 Boimorto
Referencia catastral:	15010A508002740001KI
Orzamento de execución:	2.190,00 €uros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario denso
Autorización sectoriais:	Servizo Provincial da Coruña da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (AC-840)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 29 de novembro de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e

de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade
ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento ao informado polo técnico municipal no sentido de que **se terán en conta as condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da Coruña da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.**

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 4.248,96 €uros

Liquidación 2%: **84,98 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo D. Enrique Manuel Gómez Ferrer indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 20 de outubro de 2016 (RE núm. 2373) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Luís González Guerra
DNI:	33240935R
Domicilio:	Lg. Piñeiro núm. 9 - Cardeiro 15818 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material de cuberta de vivenda unifamiliar
Situación:	Lg. Piñeiro núm. 9 - Cardeiro
Referencia catastral:	15010A501000190001KX
Orzamento de execución:	6.920,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural e solo de rústico de protección de infraestruturas xa que está afectada pola estrada DP-1004 da Deputación Provincial, estando a vivenda situada na segunda das cualificacións.
Autorización sectoriais:	Resolución do servizo de vías e obras da Deputación Provincial de data 28/11/2016 (expediente núm. 2016000010445)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid de data 19 de decembro de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución de data 28/11/2016 do servizo de vías e obras da Deputación Provincial.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobado a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 6.920,00 €uros

Liquidación 2%: **138,40 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Luís González Guerra indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-005

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 23 de novembro de 2016 (RE núm. 2681) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Lorenzo Mosquera Pereira
CIF:	76487927R
Domicilio:	Lg. Fontao núm. 2 - Brates - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Construción dun cerramento perimetral de dúas fincas colindantes da mesma propiedade, cunha lonxitude total de 208 metros, deixando un espazo de 12,80 metros para facilitar o acceso rodado á finca. Realizarase unha cimentación de formigón armado de 0,2 x 0,2 m. O cerre será a base de bloques de formigón enfusado e pintado cunha altura variable, de 0,80 m no fronte á estrada e de 0,40 m no resto, rematándoo con malla metálica de cor verde ata unha altura total de 1,40 m. Nos extremos de cada un dos tramos colocaranse piares de formigón de 0,2 x 0,2 m e unha altura de 1,40 m, para darlle maior seguridade e estabilidade. Nos extremos Norte e Sur intercalaranse
----------	---

	outros dous piares coas mesmas características ao igual que na fachada nos extremos do portalón. En intervalos de aproximadamente 2,5 m colocaranse tubaxes metálicas de 0,60 m na fachada e 1 m no resto.
Nome do técnico redactor do proxecto	D. Javier López López, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 1.049
Situación:	R/ Vilanova nº 3 - Boimorto - 15817 Boimorto
Referencia catastral:	15010A502004880000JQ e 15010A502104880000JD
Orzamento de execución:	5.197,83 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo
Autorización sectoriais:	Non precisa.
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 7 de xaneiro de 2016

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Elevarase a escritura pública da cesión de viais a favor do Concello para regularización do viario, alcanzando unha superficie de 32 m², tal como consta no plano nº 2 do proxecto.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 10.911,68 €uros

Liquidación 2%: **218,23 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Lorenzo Mosquera Pereira indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 8 de novembro de 2016 (RE núm. 2559) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Dolores Guerra Andrade
DNI:	78782192Q
Domicilio:	Lg. Peroxa núm. 3 - Ánxeles - 15816 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Pintado dunha vivenda unifamiliar e un galpón
Situación:	Lg. Peroxa núm. 3 - Ánxeles
Referencia catastral:	15010A506004520001KE
Orzamento de execución:	1.630,00 Euros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data 02/11/2016 autorizando as obras (expediente núm. 2016/0582 CNC
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid de data 7 de decembro de 2016

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 2/11/2016 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, onde di que **“...a cor de acabado do revestimento continuo de fachada será en cor branca ou ocre moi clara con pouca saturación de cor (en torno ao 10%)”**.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.630,00 Euros

Liquidación 2%: **32,60 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Dolores Guerra Andrade indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.6.- ARQUIVO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN LIMPEZA DE MALEZA DA FINCA NÚMERO 343 DO POLÍGONO CATASTRAL 22

Visto o expediente instruído para execución de biomasa na finca número 343 do polígono catastral 22 da parroquia de Boimorto, con referencia catastral 15010A506002330001KH.

Visto o informe emitido polo servizo de asistencia técnico urbanística con data 12/12/2016 no que se acredita que se cumpriu a Orde de execución ditada no Decreto 461/2016 da Alcaldía, habéndose limpadado a biomasa da parcela.

Visto que a persoa denunciada cumpriu coas obrigas previstas na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Arquivar o expediente de denuncia en materia de xestión de biomasa na finca número 343 do polígono catastral 22 da parroquia de Boimorto.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao denunciado e denunciante para o seu coñecemento e efectos oportunos.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
FE163212106908 82-19/08/16	Gas Natural Servicios SDG, S.A./ A08431090	Subministro enerxía eléctrica casa do Concello do 27/05/16 a 26/07/16	494,32€
FE163212112555 80-24/08/16		Subministro enerxía eléctrica A.P. Gándara do 09/07/16 a 12/08/16	187,66€
FE163212112555 77-24/08/16		Suministro enerxía eléctrica campo fútbol do 15/07/16 a 12/08/16	763,93€
FE163212109096 91-22/08/16		Subministro enerxía eléctrica albergue do 10/05/16 a 08/07/16	115,76€
FE163212112555 75-24/08/16		Subministro enerxía eléctrica polideportivo do 09/07/16 a 10/08/16	212,27€
FE163212112555 78-24/08/16		Subministro enerxía eléctrica piscina do 15/07/16 a 12/08/16	845,46€
FE163212112555 76-24/08/16		Subministro enerxía eléctrica colexio do 09/07/16 a 10/08/16	824,06€
FE163212062807 46-23/06/16		Subministro enerxía eléctrica MRD do 10/05/16 a 10/06/16	1.354,84€
FE163212062807 44-23/06/16		Subministro enerxía eléctrica campo fútbol do 14/05/16 a 10/06/16	615,38€
FE163212062807 43-23/06/16		Subministro enerxía eléctrica colexio do 10/05/16 a 10/06/16	868,61€
FE163212062807 45-23/06/16		Subministro enerxía eléctrica piscina do 14/05/16 a 10/06/16	287,47€
FE163212062807 42-23/06/16		Subministro enerxía eléctrica polideportivo do 10/05/16 a 10/06/16	195,21€
FE163212112555 79-24/08/16		Subministro enerxía eléctrica MRD do 09/07/16 a 12/08/16	1.496,04€
FE163212112555 72-24/08/16		Subministro enerxía eléctrica estación potabilizadora do 15/07/16 a 12/08/16	2.560,98€
FE163212084718 14-22/07/16		Subministro enerxía eléctrica piscina do 11/06/16 a 14/07/16	744,90€
FE163212084718 10-22/07/16		Subministro enerxía eléctrica estación potabilizadora do 20/06/16 a 14/07/16	1.229,46€
FE163212084718 11-22/07/16		Subministro enerxía eléctrica polideportivo do 11/06/16 a 08/07/16	176,12€
FE163212084718 13-22/07/16		Subministro enerxía eléctrica campo fútbol do 11/06/16 a 14/07/16	469,73€
FE163212084718 12-22/07/16		Subministro enerxía eléctrica colexio do 11/06/16 a 08/07/16	448,23€

FE163212156476 68-19/10/16		Subministro enerxía eléctrica casa do Concello do 27/07/16 a 23/09/16	496,79€
FE163212159332 92-20/10/16		Subministro enerxía eléctrica albergue do 09/07/16 a 14/09/16	133,85€
FE163212162735 63-25/10/16		Subministro enerxía eléctrica MRD do 15/09/16 a 17/10/16	1.298,83€
FE163212164057 32-26/10/16		Subministro enerxía eléctrica colexio do 15/09/16 a 17/10/16	555,46€
FE163212162735 62-25/10/16		Subministro enerxía eléctrica campo de fútbol do 15/09/16 a 17/10/16	743,50€
FE163212164057 31-26/10/16		Subministro enerxía eléctrica polideportivo do 15/09/16 a 17/10/16	201,96€
FE163212162735 64-25/10/16		Subministro enerxía eléctrica A.P. Gándara do 15/09/16 a 17/10/16	216,61€
FE163212164057 33-26/10/16		Subministro enerxía eléctrica piscina do 15/09/16 a 17/10/16	137,49€
FE163212178545 17-15/11/16		Subministro enerxía eléctrica estación potabilizadora do 20/09/16 a 31/10/16	3.513,91€
FE163212185207 11-22/11/16		Subministro enerxía eléctrica MRD do 18/10/16 a 15/11/16	1.232,16€
FE163212185207 12-22/11/16		Subministro enerxía eléctrica A.P. Gándara do 18/10/16 a 15/11/16	235,16€
FE163212185207 09-22/11/16		Subministro enerxía eléctrica campo de fútbol do 18/10/16 a 15/11/16	966,84€
FE163212185207 10-22/11/16		Subministro enerxía eléctrica piscina do 18/10/16 a 15/11/16	116,77€
FE163212186042 11-23/11/16		Subministro enerxía eléctrica colexio do 18/10/16 a 15/11/16	670,47€
FE163212186042 10-23/11/16		Subministro enerxía eléctrica polideportivo do 18/10/16 a 15/11/16	184,17€
Relación FACEs listado de data maio 2016	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Subministro de enerxía eléctrica alumeadado público mes maio 2016	463,31€
Relación FACEs listado de data setembro 2016		Subministro de enerxía eléctrica alumeadado público e outras dependencias mes outubro 2016	5.305,40€
XEFA16017011 17/10/16	SRCL Consenur, S.L. B86208824	Servizo de recollida de residuos en MRD setembro 2016	79,29 €
XEFA1607089 31/10/16		Servizo de recollida de residuos en MRD outubro 2016	39,64 €
XEFA1607786 16/11/16		Servizo de recollida de residuos en MRD maio 2014	60,63€
OFFX16 6061 28/10/16	OFIREYCO, S.L. B15342702	Material de oficina para Bebeteca	1.859,44€
8500000348 31/10/16	Alimentacion Saludable Gallega, S.L. B27831783	Servizo de comidas mes outubro 2016 en MRD	5.632,44€
8500000808 28/12/16		Servizo de comidas mes novembro 2016 en MRD	5.687,02€
2016/2761 31/10/16	Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.	Tratamento de residuos mes outubro 2016	3.601,79€
2016/3053 30/11/16	A15379803	Tratamento de residuos mes novembro 2016	3.353,49€

4001904613 31/10/16 4001927559 30/11/16	Sociedad Estatal Correos y Telégrafos S.A. A83052407	Franqueo pagado mes outubro 2016 Franqueo pagado mes novembro 2016	185,82€ 240,25€
B/1236 30/09/16 B/1067 31/08/16 B/1364 31/10/16 B/1508 30/11/16	Oscar Carreira Garcia 78796945A	Material de limpeza e lavandería para MRD Material de limpeza e lavandería para MRD Bobinas e papel camilla para MRD Material de limpeza e lavandería para MRD	314,99€ 579,84€ 96,46€ 354,40€
10.173 27/10/16 10.201 09/12/16 10.195 05/12/16	Hermanos Vázquez, S.L: B15643315	Reparación disco Nissan Qasquai Parchar rodas pala Parchar roda camión lixo	7,01€ 100,00€ 50,00€
0001484 01/11/16 0001516 01/12/16	Enfoque Soluciones TI S.L. B47602651	Mantemento programa informático MRD mes novembro 2016 Mantemento programa informático MRD mes decembro 2016	59,29€ 59,29€
A-438 31/10/16 A-439 31/10/16 C/75 01/12/16	Jose Manuel Salgueiro Martinez 78788695X	Reparación prancha e limpeza de caldeira en MRD Reparación conxelador e outros MRD Subministro cociña seis fogos con forno	319,48€ 474,88€ 6.061,98€
28-K680-464908 01/11/16 28-L680-430897 01/12/16	Telefónica Móviles España S.A. A78923125	Recibo teléfonos móbiles do 18/09/16 a 17/10/16 Recibo teléfonos móbiles do 18/10/16 a 17/11/16	190,47€ 175,00€
15/16SE 31/10/16	Luis Sánchez González 76319881Q	Nota de dereitos e suplidos Auto 263/15	294,67€
958/16 27/10/16	Gráfica de Asturias S.L. B15342348	Libro follas de reclamacións para albergue	132,88€
0101-1601324 31/10/16 0101-1601461 30/11/16	COGAMI Reciclado de Galicia S.L. B15467962	Recollida de papel e cartón outubro 2016 Recollida de papel e cartón novembro 2016	95,36€ 95,36€
11/11/16 09/11/16	Emilio Ramil González 39651132Y	Prospección arqueolóxica superficial e intensiva en Chousa da Mota	726,00€
16 48 31/10/16	Alberto Neira Vazquez 78785691D	Serigrafía camisetas carreira pedestre e fotomecánicas	414,67€
84 24/11/16 83 24/11/16 82 24/11/16 82 24/11/16 86 24/11/16 89 25/11/16 90 22/12/16 91 22/12/16 92 22/12/16 93 22/12/16 94 22/12/16	Mª Luz Pernas Montero 76352632S	Material para magosto Material para casa do Concello Material reparacións alumeadado público Material para alumeadado campo fútbol Material para taller Material para reparación auga telleira Material para informática Material para servizo augas Material para reparacións MRD Material para local social Sendelle Material para reparacións colexio	13,81€ 14,75€ 7,80€ 40,40€ 5,40€ 52,44€ 1,80€ 84,26€ 13,54€ 141,92€ 4,00€
70/2016 15/11/16	Blanco Pampin S.C.	Obradoiro musical relacionado co	

	J70435714	Magosto	370,01€	
D160003126 14/11/16	Fripor S.L. B15128143	Churrasco e criollos para magosto	792,58€	
A 190 31/10/16	Mª Carmen Buján Buján 05412511J	Servizo de limpeza por incendio en cociña da MRD	653,40€	
120.694 31/10/16	Recambios Santiagueses, S.L.B15214349	Pastillas de freno para camión do lixo7428FJK	108,90€	
120.695 31/10/16		Cerradura para Fiat Scudo	46,59€	
120.696 31/10/16		Filtro de aceite para Nissan Qasquai	10,44€	
120.697 31/10/16		Tapa autoarranque para cortacésped	51,36€	
121.400 30/11/16		Destornillador para taller	6,41€	
121.399 30/11/16		Material reparacion motocultor	88,46€	
121.398 30/11/16		Bobinas papel para taller	25,33€	
121.397 30/11/16		Mando para camión grúa 6064GMR	167,59€	
121.395 30/11/16		Material para reparacións taller	56,63€	
121.396 30/11/16		Alarma marcha atrás e aviso autobús	64,76€	
2 16/11/16	Mª Carmen Quintela Vázquez 78796386L	Castañas	234,00€	
4,032 16/11/16	Hotel Balneario de Compostela S.L. B15912868	Temalismo Social 5 participantes	75,00€	
70 31/10/16	Supermercado Rey- Blanco B70204631	Material de limpeza para MRD	255,68€	
69 31/10/16		Material de perfumeria para MRD	163,74€	
68 31/10/16		Augas para MRD	8,26€	
75 30/11/16		Mantel para magosto	8,05€	
76 30/11/16		Material de perfumeria para MRD	5,97€	
77 30/11/16		Augas e canutillos para MRD	10,14€	
78 30/11/16		Material de limpeza para MRD	111,98€	
160731 30/09/16	Mª Jose Vazquez Freire 33277749S	Productos de farmarcia para MRD	76,70€	
160771 02/11/16		Productos de farmarcia para MRD	25,12€	
160860 30/11/16		Productos de farmarcia para MRD	37,85€	
160428 20/06/16		Productos de farmarcia para piscina	15,95€	
73202 03/11/16	Rio Blanco S.L. B15424047	Hipoclorito para depósito en Boimil	283,14€	
1:A:16/4089 28/10/16	Soluciones Tecnico Sanitarias S.L.B70193040	Subministro de esponxas de baño para MRD e produtos para fisioterapia	158,81€	
